



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Nomeamento funcionario interino

RESOLUCIÓN N° 272/2025

ASUNTO: NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA DE XESTION, SUBGRUPO A2

EXPEDIENTE: 2025/G003/000278

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Dende febreiro de 2023 está vacante unha praza de funcionario de carreira pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala de xestión, Subgrupo A2, cuxa cobertura non é posible polos mecanismos previstos na normativa para o desempeño do posto de Técnico de Deportes [Código 10.04.01. Relación de postos de traballo (BOP n° 159, de data 23/08/2021)].

Analizada a situación do cadro de persoal funcionarios de carreira da Escala de Administración Xeral, Subescala de xestión, Subgrupo A2, non é posible suplir esta deficiencia temporal co persoal existente, mediante unha redistribución de efectivos, reforzando o servizo con persoal de outros servizos, é polo que para o correcto desenvolvemento e funcionamento dos servizos que se prestan a través no Departamento de Educación Cultura e Deportes en materia de deportes é necesario proceder ao nomeamento, con carácter temporal, dun funcionario interino (art. 10.1.a Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, TREBEP)

Mediante resolución da Alcaldía n° 212/2025, de data 27/02/2025, aprobouse a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para a confección dunha listaxe de funcionario interino da Escala de Administración Xeral, Subescala de xestión, Subgrupo A2 (Expdte. 2024/E001/000007), así como a listaxe de persoas aprobadas, que integrarán, por orde decrecente de puntuación obtida no proceso selectivo dita listaxe.

A persoa integrante da listaxe proposta que aceptou o chamamento para a cobertura desta vacante presentou a documentación que acredita que cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos na Base 2ª (Requisitos das persoas aspirantes) reguladoras da convocatoria (BOP n° 196 de data 10/10/2024).

Existe crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal para proceder ao nomeamento deste funcionario interino.

No uso das atribucións conferidas polo art. 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), **RESOLVO:**

1.- Nomear como funcionario interino (art. 10.1.a R.D. Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, TREBEP) Escala de Administración Xeral, Subescala de xestión, Subgrupo A2, para o desempeño do posto de Técnico de Deportes (Código 10.04.01) a FRANCISCO XOSE MOTOUTO PÉREZ, con DNI n° ***1735**.

2.- O nomeamento como funcionario interino durará hasta que se cubra a vacante por funcionario de carreira a través de calquera dos procedementos legalmente establecidos, e en todo caso, producirase o fin da relación de interinidade transcorridos tres anos desde o nomeamento.

3.- A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo máximo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte ao de notificación da presente resolución.

4.- Publicar o nomeamento no Taboleiro de anuncios da sede electrónico do concello e no Boletín Oficial da Provincia (art. 62.1.b Rela Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, TREBEP).

En Ordes, 12-03-2025

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

O Secretario

Juan Luis González Iglesias